



O sindicato ANPE solicita o seguinte:

"Que a Consellería permita a toma de posesión de todo aquel profesorado interino/e ou substituto que, no momento do seu chamamento, se atope illado ou infectado pola COVID-19 ou en corentena por causas derivadas deste ou en calquera outra circunstancia derivada da COVID-19 e, polo tanto, recoñeza os seus contratos tanto a nivel administrativo como económico desde o primeiro día.

Así mesmo solicita que a Consellería proceda á cobertura automática das vacantes xeradas polo profesorado mentres estean na situación descrita e non poidan incorporarse ao seu destino."

A actuación da Consellería será a seguinte:

- 1. O persoal que sexa nomeado interino ou substituto é estea contagiado polo virus COVID-19 ou estea en corentena por ter contacto directo con persoa positiva no COVID-19, deberá comunicalo no momento do chamamento.**
- 2. Estas persoas consideraranse que toman posesión e remitirán a documentación pertinente á xefatura territorial correspondente e deberá xestionar a correspondente incapacidade temporal, de conformidade co establecido no artigo quinto do Real Decreto-Lei 6/2020, 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.**
- 3. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á cobertura automática das vacantes xeradas por estas incapacidades temporais polo tempo que dure a substitución ou ata que remate a incapacidade temporal.**
- 4. A efectividade da toma de posesión queda condicionada a que a persoa achegue no prazo máximo de cinco días naturais dende o chamamento o corresponde parte de incapacidade temporal.**

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luis Canosa Baldomir

